

## Resumo da predición para os próximos días

Predición elaborada o 12 xaneiro 2018

---

### Comentario para o venres, 12 xaneiro

Galicia atoparase nesta xornada na influencia dun centro de baixas presións localizado ao noroeste de Irlanda cunha fronte asociada que chegará a Galicia nas últimas horas do día. Con esta situación, os ceos estarán parcialmente cubertos, con máis nubes no oeste da Coruña onde comezarán as chuvias durante a tarde, que á noite xa serán xeneralizadas. Bancos de néboa matinais illados en zonas de interior. As temperaturas mínimas descenderon moderadamente, xeando en comarcas do interior, mentres que as máximas non terán cambios significativos. Os ventos soprarán de compoñente sur, aumentando en intensidade durante o día e xa con intervalos fortes durante a tarde no litoral e zonas altas do interior.

---

### Comentario para o sábado, 13 xaneiro

Tras o paso da fronte fría durante a noite, para o sábado agárdase unha xornada de inestabilidade atmosférica, con intervalos anubrados, con chuvascos, que serán ocasionalmente treboentos e acompañados de sarabia. A cota de neve comezará nos 1200 metros e baixará aos 1000 metros á tarde. As temperaturas mínimas experimentarán un moderado ascenso, mentres que as máximas non terán cambios significativos. Os ventos soprarán do sudoeste, moderados na costa e máis frouxos no interior; pola noite irán rolando a noroeste.

---

### Comentario para o domingo, 14 xaneiro

O domingo o tempo virá marcado polo aire frío que persistirá nas capas altas da atmosfera, deixando certa inestabilidade. Así agárdase unha xornada de ceos parcialmente cubertos, con chuvascos, localmente treboentos, máis probables durante a mañá. A cota de neve estará arredor dos 800 metros. As temperaturas sufrirán un lixeiro descenso, máis acusado nas mínimas, con formación de xeadas no interior. O vento soprará do noroeste, moderado no litoral, frouxo no interior.

---

### Comentario para o luns, 15 xaneiro

Situación de transición á espera dunha fronte que chegará durante a noite. Deste xeito, agárdanse bancos de néboa matinais en zonas de interior, que darán paso a ceos alternando nubes e claros, cun aumento de nubes durante a xornada e xa con chuvias pola noite. As temperaturas non experimentarán cambios significativos. Os ventos soprarán do sudoeste, frouxos en xeral, moderados na costa, con intervalos fortes no litoral norte.

---

### Comentario para os vindeiros días

A partir do martes Galicia queda nun réxime de ventos de compoñente oeste, que aportarán moita humidade, o que deixará alta probabilidade de chuvias de tipo orballo especialmente na franxa atlántica. Non se agardan entradas de aire frío polo que as temperaturas serán suaves, con pouca oscilación térmica.



## Boletín fitosanitario de avisos e informacións

12/01/2018 Ourense

### Froita - Mazá

#### MACEIRA. GALICA 2017.

Notas sobre fenoloxía e sanidade en maceira.

#### Fenoloxía

En maceira en Galicia, así como en canto á evolución a longo do ano noutras especies de plantas e de pragas e enfermidades, sempre hai que ter en conta as diferenzas, máis ou menos acusadas, nas datas nos diferentes estadios acadados entre Norte e Sur e entre costa e interior. Por este motivo, no cadro que se xunta referido ao seguimento fenolóxico sobre maceira (segundo Fleckinger) realizado en diferentes zonas de Galicia, danse ás veces 2 estadios. As entradas son para mesa e sidra.

#### Sanidade

O seguimento de pragas e enfermidades que ven facendo este observatorio en maceira, tanto en mesa como en sidra, ven centrándose en: **Pulgón cinto** (*Disaphys plantaginea*), **Pulgón verde** (*Aphis pomi*), **Pulgón laníxero** (*Eriosoma lanigerum*), **Verme da mazá** (*Cydia pomonella*), **Broca** (*Zeuzera pyrina*), **Orugeta do almendro** (*Aglaope infausta*), **Gurgullo da flor** (*Anthonomus pomorum*), **Moteado** (*Venturia inaequalis*) e **Oídio** (*Podosphaera leucotricha*).

#### PRAGAS

##### **Pulgón cinto** (*Disaphys plantaginea*)

Obsérvanse os primeiros brotes afectados o 11/abril, aparecendo as primeiras femias aladas sobre o 30/maio, que marcan xa o final do ciclo.

##### **Pulgón verde** (*Aphis pomi*)

Os primeiros brotes cunha forte afección aparecen o 9/xuño e mantéñense ao longo do verán con insistencia, incrementándose algo aínda durante a primeira quincena de Xullo, para decaer a final deste mes e terminar de afectar aos brotes entre mediados e final de Agosto.

##### **Pulgón laníxero** (*Eriosoma lanigerum*)

Como cada campaña, comezan a aparecer as primeiras colonias moi cedo, en concreto este ano no monitoreo do 31/03. Ao longo de toda a campaña van aparecendo outras novas, observándose os primeiros adultos parasitados por *Aphelinus mali* ao redor do 18/08. Desde ese momento apréciase xa unha redución importante, que se vai incrementando a medida que se achega o mes de setembro, ata case desaparecer.



### **Broca (*Zeuzera pyrina*)**

Os danos non adoitan ser importantes, salvo en ocasións en novas plantacións e preto de terreos forestais, algo frecuente en Galicia. Por tal motivo faise un seguimento específico con trampas desde final de xuño. Durante a presente campaña as cazas foron mínimas, aparecendo danos esporádicos.

### **Verme da mazá ou Carpocapsa (*Cydia pomonella*)**

Polos danos frecuentes que produce, faise sobre esta praga un seguimento tamén específico, colocándose varias trampas en distintas zonas de Galicia, a partir do 10/abril, para determinar os momentos oportunos para aplicar os tratamentos adecuados, segundo as materias activas utilizadas.

Ademais, aplicando a fórmula bioclimática (a partir dos 400 graos/día), o primeiro voo de adultos fixouse o 11/abril (en 2015 e 2016 tal data foi o 23/abril e o 4/maio, respectivamente), día en que se considera que empezou a 1ª xeración. A 2ª xeración se iniciou o 28/xullo.

Non causou danos polo bo funcionamento dos mecanismos de control.

Con respecto aos últimos 5 anos, apréciase unha diminución na caza de machos nas trampas de seguimento, reducíndose entre un 35% e 45%, maior na 1ª xeración, así como un adianto con respecto ao comezo da 2ª xeración.

Para ter unha idea máis precisa da meteoroloxía que tivemos durante esta campaña e o seu efecto sobre a evolución da carpocapsa, danse os graos/día alcanzados entre o día 1/xaneiro e o 29/marzo dos últimos 6 anos. A diferenza que se aprecia é debida ás temperaturas anormalmente elevadas que marcaron os termómetros na primeira quincena de marzo.

### **Oruguetta do almendro (*Aglaope infausta*)**

É unha praga nova nas nosas maceiras que foi parecendo nos últimos anos de forma esporádica e moi localizada, sen chegar a causar grandes danos. Tampouco durante esta campaña.

### **Gurgullo da flor (*Anthonomus pomorum*)**

Faise vixilancia aínda que, como no caso da “Oruguetta do almendro”, non chegou a causar danos, aparecendo de xeito esporádico.

## **ENFERMIDADES**

### **Moteado (*Venturia inaequalis*)**

Este fungo é un clásico entre os causantes de maiores perdas de colleita para comercialización, polo que o seguimento e control que se ten sobre el é moi intenso.

Na presente campaña, debido ás condicións nada propicias para o seu desenvolvemento, así como a efectividade dos tratamentos aplicados, non houbo apenas ataques nin danos que mencionar, aínda que si incidencias leves.

### **Oídio (*Podosphaera leucotricha*)**

É outro dos hongos clásicos en canto a posibles danos sobre a mazá comercializable, pero moi controlado hai anos. Non causou danos.



2017 - 320,0 grados/día
2016 - 198,9 grados/día
2015 - 126,4 grados/día
2014 - 290,6 grados/día
2013 - 190,5 grados/día
2012 - 244,3 grados/día

*Últimos 6 anos entre 1/xan-29/marzo*

	31/mar	11/abr	28/abr	16/may	30/may	09/jun	23/jun	30/jun
Manzano de mesa	B/E2	C3/F2	E/H	H/I	I/J	J	J	J
manzano de sidra	A/B	C/E	E/F	G/I	H/I	I/J	J	J

*Fenoloxía media na maceira en Galicia 2017 (segundo Fleckinger)*